

RENDA PER CÁPITA DA UNIDADE FAMILIAR

Renda per cápita da unidade familiar: renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2021 dividido entre o número de membros computables.

- Computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33% ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2021, sumaranse a base imponible xeral (recadro 435) e a base imponible do aforro (recadro 460); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- As persoas sen residencia fiscal en España no ano 2021 deberán acreditar os seus ingresos no país de orixe mediante nóminas, xustificantes de pensión, xustificantes de rendementos bancarios ou calquera outro documento acreditativo. No caso de carecer desta documentación ou se non obtiveran ingresos deberán presentar unha declaración responsable dos ingresos da unidade familiar.
- Nos casos de violencia de xénero non se incluírá ao agresor na solicitude e, polo tanto, non se terán en conta os seus ingresos para determinar a renda per cápita.

Membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou tutores do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- e) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar a 31 de decembro de 2021, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esta data atribúa a custodia a un dos dous proxenitores e nos casos de violencia de xénero que se aplicará o disposto na súa lexislación específica.